

V FESTIVAL INTERNACIONAL DE CREACIÓN MUSICAL CONTEMPORÁNEA

VERTIXE SONORA

Domingo 22 outubro 20:30 h. | SALA DE EXPOSICIÓNS DO PAZO
DA CULTURA, Pontevedra
DIE WANDERUNG Vertixe Sonora

Die Wanderung, 2016-17 para 5 instrumentos e electrónica (*Kompositionsstipendium* 2015 polo Departamento de Cultura da cidade de Berlín) é un ciclo de seis pezas nas que se explora o espazo como un compoñente, un parámetro máis do material sonoro. Nas tres primeiras pezas (os sós de acordeón, saxofón tenor e chelo, con electrónica en vivo) cada músico propón un material que será “lido” e analizado en tempo real pola electrónica que desenvolve, simultaneamente, un dobre do son instrumental. No segundo set (os sós de frauta e arpa e a obra final do conxunto ao completo), os instrumentistas escoitan a través de auriculares as transformacións electrónicas das tres primeiras obras e as reinterpretan. En *Die Wanderung* (vagabundaxe, migración), Lula Romero proponnos un diálogo continuo de interpretacións entre partitura, intérpretes e electrónica en vivo, onde o “real” non existe senón que é creado a medida que se interpreta e reinterpreta, desenvolvendo un complexo armazón no que material, estrutura e obra elabóranse e modifícanse continuamente.

Die Wanderung I para acordeón e electrónica en vivo

Die Wanderung II para saxofón tenor e electrónica en vivo

Die Wanderung III para cello e electrónica en vivo

Die Wanderung IV para frauta e electrónica en vivo

Die Wanderung V para arpa e electrónica en vivo

Die Wanderung VI para frauta, saxofón tenor, arpa, acordeón, cello e electrónica en vivo

VERTIXE SONORA [intérpretes neste concerto]

Clara Saleiro *frauta* | Pablo Coello *saxofón* | Nerea Rodríguez *acordeón* | Angélica V. Salvi *arpa* | Thomas Piel *cello* | Ángel Faraldo *electrónica*

A OBRA

LULA ROMERO *Die Wanderung* (2016-17) estrea mundial

Encomenda do *Kompositionsstipendium* 2015 do Departamento de Cultura da cidade de Berlín, *Die Wanderung* componse de seis pezas. As cinco primeiras escritas para instrumento só e electrónica en vivo –son os sós para frauta, saxofón tenor, arpa, acordeón e cello– e unha última peza, a sexta, para o ensemble instrumental ao completo e electrónica en vivo.

O ciclo *Die Wanderung* é un paso máis nalgunhas das ideas presentadas no meu anterior ciclo de obras *Anábasis* para instrumentos a só (clarinete en Sib, trompa, percusión e piano) con electrónica en vivo, proxecto gañador do Premio de Composición Berlín-Rheinsberger 2012. En *Anábasis* un material reducido percorre os diferentes espazos da sala e os diferentes espazos dos instrumentos, creando no seu percorrido unha estrutura complexa.

En *Die Wanderung* (vagabundaxe, migración) afondo tamén no desenvolvemento dunha estrutura complexa a partir da exploración dun material do espazo onde a obra se produce e dos espazos interiores dos instrumentos. O espazo enténdese así como unha compoñente máis, un parámetro adicional do material sonoro.

Un aspecto engadido que se investiga na obra e contribúe á creación da devandita estrutura complexa, é a idea de “*mala interpretación*” ou mellor dito da “*interpretación*”. Nas tres primeiras pezas (os sós de acordeón, saxofón tenor e cello, e electrónica en vivo) cada un dos músicos crea un evento sonoro. Este evento sonoro é “*ido*” e analizado en tempo real pola electrónica que crea á súa vez e en paralelo ó instrumento unha nova versión dese son instrumental. Esta interpretación vai ser distinta non só pola diferenza de medio no que é creada senón pola diferente “*decodificación*” que fai a electrónica do son do instrumento.

Die Wanderung enténdese como un experimento no que se complementan todas estas ideas e conforma parte da miña tese doutoral na Doktoratsschule der Kunstuniversität Graz, Austria “*Wandering Recurrence – Necessity and Openness in the Material-Form Relation*”.

Lula Romero

A COMPOSITORA

Lula Romero. Palma de Mallorca, 1976

Titulada Superior en Composición e Profesional de Piano polo Conservatorio Superior de Música “Manuel Castillo”, Sevilla, e Licenciada en Historia da Arte pola Universidade de Sevilla. A súa formación complétase co título de Master en Composición no Royal Conservatoire da Haia con Gilius van Bergeijk e Cornelis de Bondt.

Recentemente outorgáronse os seguintes premios: o GIGA-HERTZ Production Prize 2014 for Electronic Music do ZKM | Institute for Music and Acoustics e o SWR Experimentalstudio, o Kompositionsstipendium 2015 e 2012 e o Berlín-Rheinsberger Kompositionspreis 2011 (ámbolos dous concedidos polo departamento de cultura de Berlín). Recibiu asemade as bolsas – residencias Residencia no Deutsches Studienzentrum Venedig (Centro de Estudos Alemán en Venecia) 2017 do Goberno Alemán, Künstlerhof Schreyahn 2013, Samtgemeinde Lüchow, Wendland (Alemaña) e GEDOK Gastatelier 2012, polo goberno de Schleswig-Holstein (Alemaña).

Acadou o premio de composición do CDMC 2008 do Ministerio de Cultura español pola súa composición *in constant sorrow* para ensemble e a Mención Honorífica do premio Fundación Autor - CDMC 2010 pola súa obra *profil perdu*.

As súas obras foron interpretadas por conxuntos de música contemporánea tales como, KNM Ensemble Berlin, Vertixe Sonora Ensemble, Nieuw Ensemble, Ligeti Academy Ensemble, Zafran Ensemble, RADAR Ensemble, Grup Instrumental de Valencia, Grupo Dhamar, Krater Ensemble, NEOSBrass, Rosa Ensemble, Ensemble Espazo Sinkro, Taller Sonoro, e polo pianista Alberto Rosado.

Lula Romero reside e traballa en Berlín.

VINDEIROS CONCERTOS:

Mércores 25 de outubro 20:00 h. | MARCO, Vigo

VÉRTICES HÁPTICOS Roberto Alonso e Tychonas Michailidis

Venres 3 de novembro 20:00 h. | MARCO, Vigo

DOLL GARDEN Defunensemble

Sábado 4 de novembro 19:30 h. | SEXTO EDIFICIO MUSEO DE PONTEVEDRA

AMYGDALA Defunensemble

Sábado 11 de novembro 20:00 h. | MARCO, Vigo

DOCTRINA SCHOLASTISCA NOCET AD INTELLIGENTIAM SANCTARUM SCRIPTURARUM Sisco Aparici

Celebración XV Aniversario MARCO

Sábado 18 de novembro 19:30 h. | SEXTO EDIFICIO MUSEO DE PONTEVEDRA

(IN)VISIBLE Tag Ensemble

Sábado 25 de novembro 20:00 h | MARCO, Vigo

LIMIAR DO ABISMO Adam Starkie

PROMOVE:



Universidade de Vigo

vertixe
sonora

PATROCINA:



COLABORA:

